

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/5	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	4 de maio de 2023
Duración	Desde as 20:39 ata as 21:16 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	José Carlos López Campos
Secretaria	María Jesusa Fernández Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ



[REDACTED]	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
[REDACTED]	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
[REDACTED]	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
[REDACTED]	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
[REDACTED]	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
[REDACTED]	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
[REDACTED]	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
[REDACTED]	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 13 DE ABRIL DE 2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o 13 de abril de 2023, polo Sr. Presidente advírtese da existencia dunha proposta do departamento de Persoal, asinada con data 25/04/2023 polo Sr. Alcalde, para a corrección do acordo adoptado denominado “Expediente 474/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE RECOÑECEMENTO DE COMPATIBILIDADE PARA EXERCICIO DE SEGUNDA ACTIVIDADE”, de xeito que naqueles parágrafos:

Onde di:

“... D. Ángel Vidal Herrera...”

Debe dicir:

“ D. Ángel Vidal Cortizo...”

Quedando a súa redacción definitiva tal e como se transcribe:

“Visto o escrito presentado por D. Ángel Vidal Cortizo, funcionario interino do Conservatorio Municipal de Música, en data 24/01/2023 (RE 2023-E-RE-307), no



que solicita o recoñecemento de compatibilidade para o desempeño dunha segunda actividade como fotógrafo para medio de comunicación fóra do seu horario de traballo, a razón de 20 horas semanais e percibindo unhas retribucións brutas aproximadas de 300,00 € ao mes.

Vista a Providencia da Alcaldía de data 03/03/2023.

Visto o Informe favorable da Secretaria municipal de data 13/03/2023.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, na sesión celebrada o 21/03/2023.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptanse, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Recoñecerlle a D. Ángel Vidal Cortizo a compatibilidade solicitada para a actividade de fotógrafo para medio de comunicación, que se axustará á normativa aplicable e sempre que se de cumprimento ás limitacións legalmente establecidas.

Segundo.- Notificar este Acordo ao interesado xunto co seu réxime de recursos.

Terceiro.- Inscribir esta incidencia no Rexistro de Persoal, de ser o caso."

Sométese a aprobación a acta da sesión ordinaria de 13/04/2023, coa previa corrección do acordo nos termos propostos, sendo aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidencia a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos políticos quere presente algunha moción de urxencia; non habendo, continúaase co establecido na orde do día.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 3 AO 14 DE ABRIL DE 2023

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 3 e 14 de abril de 2023 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2023-0422 ao número 2023-0512 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para, en primeiro lugar, manifestar varios rogos e preguntas, o primeiro deles é que se lle dea contestación e solución á denuncia dos veciños e veciñas sobre a alta velocidade dos vehículos que circulan pola pista da Devesa - Moreira, a cal vai ao casco urbano pasando pola praia fluvial, mediante a colocación de bandas



reductoras de velocidade ou ben pasos elevados. O segundo, é que se proceda a un novo asfaltado do vial de Souto de Veá, así como o seu acondicionamento, debido ao perigo que supón para a veciñanza e dos vehículos.

Pregunta sobre o estado da tramitación do expediente derivado da moción presentada para a recuperación da atención farmacéutica en torno ao Centro de Saúde de Oca; di que é sabedor que o informe xa está redactado, co cal está conforme, pero pregunta cando se vai a solicitar dita botica anexa á Xunta de Galicia.

A este última pregunta o **Sr. Alcalde** lle contesta que hai que revisar dito expediente, de feito hai un requirimento da Consellería para remitirille o expediente, o cal xa se fixo esta semana. Sen embargo, comunica que non lle consta que o trámite administrativo estea finalizado, pero, a medida que a Consellería informe, se lle trasladará información.

Por cesión da palabra do voceiro socialista, intervén o concelleiro do seu mesmo grupo, **D. Luis Rendo Araujo**, para reiterar a solicitude de colocación dun soporte para suxeitar o contedor de lixo na pista que comunica Oca con Loimil. Así mesmo, diante da granxa de Canela en Loimil, circula unha pista que ten terra na cuneta, ademais da existencia dunha pedra que invade a calzada, polo que pregue que se limpe e se retire dita pedra.

Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para manifestar que se fai eco das queixas da veciñanza ante o mal estado dos camiños do noso rural, esta vez das de Curantes, Moreira, Berres e Loimil, debido ao mal estado dalgunhas pistas que dan acceso a varias vivendas e cuxos propietarios teñen os mesmos dereitos que os demais. Continúa dicindo que os lugares de Sestelo, Vilagude e Outeiro da parroquia de Moreira contan cuns viais en moi mal estado; ao igual que o camiño que da acceso ao lugar de Servide da parroquia de Berres, a pista que vai de Curantes Vello a Pousada e a que da acceso aos lugares de Os Casares, Igrexa e Riomaio da parroquia de Loimil. Ante o dito, prega que se acondicionen e arranxen ditas pistas.

Pregunta para cando será a traída de auga de Tabeirós porque, a pesares de que se leva anos traballando nela, aínda non sabe nada.

Toma a palabra o concelleiro do grupo de MOVETE (cedida pola súa voceira), **D. Iván Sanmartín Eirín**, para dicir que é coñecedor que a tramitación para a declaración como BIC a Rapa das Bestas está moi avanzada, pregando que cando estea se lle dea traslado o antes posible ao Parlamento de Galicia, porque isto sería un apoio moi importante para a loita contra a instalación dos parques eólicos proxectados nesta zona.

Tamén traslada que os veciños e veciñas de Rivela estaban tratando cunha persoa de Telefónica para a instalación da fibra óptica e telefonía móbil nesta zona, pero parece ser que esta persoa está de baixa e perderon o contacto e non volveron a saber nada sobre as súas demandas, non sabendo se existe outra persoa destinada para este fin o se, dende o Concello, se ten coñecemento sobre isto, en caso afirmativo, prega que se lle inste para que se poña en contacto cos veciños e veciñas de Rivela co fin de continuar coa tramitación das distintas demandas de telefónica.



O **Sr. Alcalde** lle responde, en relación co tema de Telefónica, que é sabedor da situación derivada da baixa da persoa de Telefónica e que a empresa, en certa maneira, se veu superada ante o volume das peticións existentes, pero hai boa vontade para resolver todas elas por orde, de feito algunhas xa foron resoltas. Aclara que todas estas demandas están ao marxe do plan de expansión da banda ancha; así mesmo informa que se está en contacto con Telefónica e coa nova empresa que ganou o concurso par executar o novo lote para instalación de banda ancha na nosa zona co fin de resolver cuestións concretas sobre dificultade en determinados lugares por medios normais e efectualas fóra do plan único.

O **Sr. Sanmartín Eirín** di que, no caso de Rivela, o que máis presa lle corre é a telefonía móbil debido ao mal funcionamento do repetidor, de feito a persoa que había antes lle informara que se ía a colocar un novo repetidor ou ben arranxar o existente, non lembrando cal era a solución concreta. Prega que se traslade este petición.

O **Sr. Alcalde** di que se lle trasladará esta petición á compañía telefónica. En relación coa traída de auga de Tabeirós, di que non é certo que leve anos en obras; actualmente esta obra está adxudicada e se están executando, aínda que se tomou a decisión, xunto con Augas de Galicia, de paralizar a obra durante os 4 meses de inverno debido a que se estaban a facer gabias con moita profundidade e, debido as choivas, poñían en risco a saúde dos traballadores. Informa que está pendente unha reunión con Augas de Galicia para o vindeiro mércores co fin de que nos informen sobre a situación actual desta obra, pero as obras foron retomadas fai quince días. Calcula que en catro meses a obra debería estar rematada, baseándose nas conversas mantidas coa empresa adxudicataria.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para pregar que se repare a ponte do Regueiro da Torre de Santa Cristina de Ve a xa que, pol mal tempo, se desmoronou en parte un pretil de cemento. Tamén pide que a pista que vai da Torre a Santa Cristina do Piñeiro sexa arranxada, debido o mal estado en que se atopa, preguntando se está incluída nos plans de asfaltados.

O **Sr. Alcalde** lle responde que está incluída dita pista. En canto á ponte, lle informa que estiveron alí os técnicos municipais valorando que tipo de reparación sería a máis adecuada.

Continúa a **Sra. Camba Castro** trasladando un rogo de varios veciños e veciñas da zona de Ve a e de Couso en relación ao Coto de Xirimbao, onde se prevé a instalación dun centro itioxénico, pero ditos terreos, que agora son do Concello, foron deixados para facer algún tipo de obra de utilidade pública, por iso desexan que se faga alí algún tipo de zona de recreo e lecer.

Intervén o **Sr. Alcalde** para informar que esa zona está en proceso de concentración parcelaria e, polo tanto, eses terreos aínda non son de titularidade do Concello, estando pendentes dos correspondentes títulos. Así mesmo, di que a Consellería pediu ao Concello a cesión dese espazo para facer un centro de captura de salmóns (non un centro itioxénico), pero como aínda non somos titulares deses terreos, estamos a falar con Medio Rural para ver se hai algunha



fórmula ou algún documento que se poida aportar á Consellería.

Continúa dicindo que si está prevista a realización dunha actuación, previamente pactada cos veciños e veciñas, nesa masa común que se deixa trala concentración parcelaria para facer unha área de recreo, a cal se planificará unha vez se obteña a titularidade.

A **Sra. Camba Castro** pregunta se hai algún prazo para elo.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que, a día de hoxe, se está a executar o proxecto de acondicionamento das parcelas e das pistas, así como as delimitacións pola concentración parcelaria en atención das peticións dos veciños e veciñas, rematado todo iso a Consellería empezará coa elaboración dos títulos de propiedade, polo que poderíamos estar a falar dun prazo de case dezoito meses para poder ter os títulos definitivos da propiedade derivados da concentración parcelaria Monte Veá II.

A **Sra. Camba Castro** lembra que na sesión ordinaria do Pleno anterior, lle comentaba da existencia de irregularidades do terreo na entrada ao CEIP Pérez Viondi, onde están os contedores de lixo, polo que pregunta se se fixo ou ten previsto algunha actuación para o seu arranxo.

Responde o **Sr. Alcalde** que é coñecedor deste problema e, tan pronto o servizo de bacheo remate co rural, se vai a facer unha actuación nesta zona.

Non habendo máis intervencións por parte dos concelleiros e concelleiras que forman o Pleno, o **Sr. Alcalde** pregunta ao público asistente se quen formular algún rogo ou pregunta, en cumprimento do disposto no Regulamento de Participación Cidadá.

Pide a palabra a **Sra. Balbina Martínez Ramallal** (DNI: [REDACTED]), quen di que na Escola Infantil da Baiuca cando os nenos e nenas saen a xogar fóra lles poñen como toldos sabas, polo que pide que se lle faciliten toldos en condicións. Tamén di que as beirarrúas, pases por onde pases, teñen baldosas soltas, sobre todo nas entradas dos garaxes, así como tamén na entrada do aparcadoiro do Centro de Saúde, polo que prega que se arranxen, ou ben, que se poñan outro tipo de material.

En relación coa fonte de Leicures, di que os seus caños están oxidados, preguntando se esa auga é potable e se se analiza. En canto ao lavadoiro sito nesta zona, existen uns bancos totalmente rotos e tapados por maleza.

Continúa dicindo que, baixando de cara a Aguións, hai un banco en moi malas condicións, pedindo que se lles poña uns bancos.

Di que, na Avda da Torre, coa caída das follas do carballo alí existente é necesario que veña o servizo de limpeza para varrer. Con respecto ao carballo, di que souben por el as silvas que impiden o paso de persoas.

En canto á famosa finca, propiedade dos herdeiros da Estradense, lembra que o Alcalde dixo que a Garda Civil viñera a botalos fora por estar todo moi seco e que ían a retomar o traballo a empresa, pois comenta que dende o pasado mes de agosto por alí non apareceu ninguén.

Quéixase de que os camións que aparcan na Avda da Torre o fan mal, saíndose da raia marcada na estrada e, incluso, enriba das beirarrúas, de feito unha das



farolas ten un golpe.

Comenta que na rúa Irida puxeron uns lombos de burro que provocan charcos, polo que cando pasan os coches salpican á xente.

Di que os semáforos non funcionan nalgúns sitios.

Informa que unha persoa estaba durmindo na Estación de Autobuses (na saída ao Museo), a cal debeu marchar quedando alí o saco de durmir e algunha roupa, polo que prega que sexa retirada.

Lembra que lle avisara ao Alcalde que puxera o cadeado na finca dos da Estradense e non o puxo, polo que lle levaron o portalón.

Finalmente pide que se solucionen todas esas cousas.

Lle responde o **Sr. Alcalde** que toma nota de todos os rogos.

Pide a palabra a Concelleira do grupo municipal do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao Vieites**, para mostrar o agradecemento aos veciños e veciñas pola confianza outorgada durante estas últimas lexislaturas, sendo para ela unha honra representar á cidadanía estradense, con todas as luces e sombras que na corporación se producen, lamentando algunhas descualificacións dirixidas a ela en momentos puntuais así como a outros membros da corporación, tan só por ter ideoloxías diferentes. Agradece tamén ao persoal traballador deste Concello pola súa colaboración ao longo destes anos, así como polo seu bo facer día a día. Así mesmo mostra o seu agradecemento a todas as persoas que, ao longo destes anos, tivo a ocasión de colaborar en diferentes proxectos, iniciativas e, incluso, discrepancias, como tamén aos compañeiros e compañeiras de lexislaturas.

Continúa dicindo que, quizais, durante estes catorce anos moitas cousas deberon facerse doutra forma, pero traballar dende a diversidade e con respecto pola corporación e polos veciños e veciñas foi sempre o primeiro e con democracia.

Para finalizar, transmite os seus bos desexos para que as vindeiras corporacións acerten nas súas decisións.

Pide intervir o concelleiro do grupo socialista **D. Luis Rendo Araujo**, para sumarse ao dito pola Sra. Belén Louzao, sendo para el un orgullo defender á xente da Estrada, desexándolle sorte á vindeira corporación. Despídese desta lexislatura dando as grazas a todos os compañeiros e compañeiras da actual corporación.

Intervén o **Sr. Alcalde** para dicir que este foi a última sesión ordinaria deste Pleno correspondente á actual lexislatura, lembrando anteriores lexislaturas, 20 anos que el estivo no goberno estradense e polo que pasaron diferentes ideoloxías e, agora, estamos ante unha nova xeración de políticos e políticas que afrontarán novos retos e un camiño difícil.

Continúa dicindo que, a pesares dos momentos de tensión, discrepancias, discusións, etc., esta corporación viviu tempos duros, transcendentais e de debates enriquecedores, pedindo desculpas se, nalgún destes debates, se saltaron as normas e deixouse de ser sosegados. Transmite a súa gratitude por compartir con vinte concelleiros e concelleiras esta lexislatura a punto de rematar, esperando que a que ven continúe co legado que se deixa; así como aos Interventores e Interventoras, Tesoureiros e Tesoureiras e Secretarios e Secretarias que deixamos atrás, sen esquecer a todo o persoal traballador.

Finalmente desexa sorte a todos os grupos políticos ante estas xornadas que temos por diante, esperando que tralas eleccións do 28 de maio, unha parte dos





EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

que estamos aquí se volvan a ver na nova corporación, e aos que non, como Belén e Luis, quere agradecerlles o seu traballo, dedicación e compañeirismo, representando moi ben ao pobo da Estrada.

Ante o dito, da as grazas e sorte ante as vindeiras eleccións.

Non existindo máis intervencións, se procede a levantar a sesión.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

